

**MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día vinte de febreiro dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:**

**17/101 ESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE ABSTENCIÓN PRESENTADA POR D. ANTONIO ABUÍN FERNÁNDEZ. MODIFICACIÓN DO ACORDO 11/62 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 12 PRAZAS DE BOMBEIRO CONDUTOR (6 PRAZAS INCLUÍDAS NA OEP 2015 E 6 PRAZAS INCLUÍDAS NA OEP 2016) PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta do Director Xeral de Recursos Humanos, do 14 de febreiro de 2019, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día seis de febreiro de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo 11/62 **DESIGNACIÓN DOS MEMBROS TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 12 PRAZAS DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A (6 PRAZAS INCLUÍDAS NA OEP 2015 E 6 PRAZAS INCLUÍDAS NA OEP 2016) PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE** figurando como vogal suplente:

Don Antonio Abuín Fernández, Bombeiro Condutor do Concello de Lugo.

Visto o escrito, presentado no Rexistro Xeral deste Concello o día 06.02.2019 por Don Antonio Abuín Fernández, con DNI 33.330.072-J no que expón que:

- Na súa condición de funcionario deste Concello, onde presta servizos como bombeiro condutor, foi proposto para ser nomeado vogal suplente do tribunal cualificador para o acceso en propiedade a 12 prazas de Bombeiro Condutor pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo pola quenda libre, a través do Decreto n.º 19000747, do 4 de febreiro de 2019, do Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

- A través deste escrito declara a súa intención de absterse como membro do devandito tribunal, por ter amizade íntima cun dos candidatos do procedemento selectivo, o que é público e notorio, polo que entende que existe motivo de abstención dos recollidos no art.23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 19x090170101

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-2-2019

Tendo en conta o disposto no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, segundo a cal, entre outros, son motivos de abstención:

“c) Tener amistad íntima o enemistad manifiesta con alguna de las personas mencionadas en el apartado anterior.”

Vista a proposta do Director Xeral de Recursos Humanos do 13 de febreiro de 2019, relativa á admisión da abstención presentada, excluindo ao funcionario Antonio Abuín Fernández do tribunal cualificador para o que foi proposto.

De igual xeito, propón, relacionado co anterior, que o funcionario Antonio Abuín Fernández sexa substituído no tribunal cualificador, como vogal suplente, polo funcionario do Concello de Lugo Francisco Otero Besteiro, bombeiro condutor.

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na referida proposta e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excma. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Estimación da solicitude de abstención presentada por don Antonio Abuín Fernández como membro do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 12 prazas de Bombeiro/a Condutor/a (6 prazas incluídas na OEP 2015 e 6 prazas incluídas na OEP 2016) pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre.

**SEGUNDO.-** Modificar o acordo 11/62 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o día 6 de febreiro de 2019, de xeito que o tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a acceso en propiedade a 12 prazas de Bombeiro/a Condutor/a (6 prazas incluídas na OEP 2015 e 6 prazas incluídas na OEP 2016) pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre), quedará integrado polos/as seguintes membros:

**Presidenta:** dona Marta López Peña, Xefa do Servizo de Persoal do Concello de Lugo.

Suplente: don José Antonio Arias Lombardero, Técnico de Xestión, grupo A2, da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

**Vogais:**

1.- Don Jesús Piñeiro Santos, Inspector da Policía Local do Concello de Lugo.

Suplente: don José Manuel Río Espiño, Oficial da Policía Local do Concello de Lugo.

2.- Don Manuel Rodríguez Lendoiro, Cabo (C2) do Servizo de Extincións de Incendios do Concello da Coruña.

Suplente: don Carlos Otero Amor, Cabo (C2) do Servizo de Extincións de Incendios do Concello da Coruña.

3.- Don Eduardo López Dorado, Bombeiro Conductor do Concello de Lugo.

Suplente: don Francisco Otero Besteiro, Bombeiro Conductor do Concello de Lugo.

**Secretario:** don Justo Díaz Rodríguez, Secretario Xeral do Pleno accidental do Concello de Lugo.

Suplente: dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**

06 MAR. 2019



